

## 2.000 persoas na Cadea Humana en demanda de medidas urxentes para Ferrolterra

CIG :: 15/12/2014

Cadena humana que reivindica carga de trabajo para los astilleros de Ferrolterra

### Galego

Nin a intensa choiva, nin o vento, nin o frío impidiron que unhas 2.000 persoas se achegaran á Ponte das Pías para participar na Cadea Humana que a CIG tiña convocada en demanda dun claro compromiso político para o sector naval e un plan de reindustrialización integral para Ferrolterra, que permitan encetar a recuperación económica e laboral dunha comarca que leva 30 anos castigada por unha crise que lle foi imposta.

Pasadas as doce do mediodía, os centos de persoas que se congregaban nas dúas beiras da ponte que une Fene e Ferrol comezaban a marchar para montar a cadea humana que confluíu no centro da vía. Alí, tamén se encontraron os dous barcos de porespán que, bautizados baixo os lemas "Veto non" e "Dique si", foron transportados dende puntos opostos da ponte para seren "botados" ao mar amarrados con globos. Con esta imaxe preténdese representar a unión dos dous estaleiros como reflexo da demanda do nacionalismo galego de contar cun Complexo Integral da Construción Naval na ría de Ferrol con autonomía propia.

### Castellano

Ni la intensa lluvia ni el viento o el frío impidieron que unas 2.000 personas se acercaran a Ponte das Pías para participar en la cadena humana que la CIG tenía convocada en demanda de un claro compromiso para el sector naval y un plan de reindustrialización integral para Ferrolterra que permita iniciar la recuperación económica de una comarca que lleva 30 años castigada por una crisis que lefue impuesta.

Pasadas las 12 el mediodía los cientos de personas que se congregaban en las dos orillas del puente que une Fene y Ferrol comenzaban a marchar para montar la cadena humana que conflubió en el centro. Allí también se encontraron los dos barcos de gomaespuma que bautizados bajo los lemas "Veto nom" y "Dique si" fueron transportados desde puntos opuestos del puente para ser "botados" al mar amarrados con globos. Con esta imagen se pretende representar la unión de los dos astilleros como reflejo de demanda del nacionalismo galego de contar de un complejo integral de construcción naval en la ría de Ferrol con autonomía propia